



BASES DE PARTICIPACIÓN PARA O MERCADO DE NADAL EN BOUZAS

Asociación Amigos da Historia de Bouzas



AAHISTORIADEBOUZAS@GMAIL.COM

Praza da Vila de Bouzas 2, 36208 Vigo - Pontevedra

INDICE

1. OBXECTO.....	2
2. POSTOS DE VENDA	2
2.1 Organización dos postos	2
2.2 Dimisión dos postos	2
2.3 Prezos	2
2.4 Obrigacións dos postos	3
3. CONDICIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN	3
4. CRONOGRAMA DO MERCADO	4
4.1 Montaxe	4
4.2 Desmontaxe	5
4.3 Proposta de actividades socio-culturais	5
4.4 Horario de apertura e peche	6
5. SEGURIDADE E HIXIENE	6
6. DISPOSICIÓNS FINAIS	7
6.1 Documentación a presentar	7

1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases particulares é a regulación da participación e instalación dos postos de venda ambulante no mercado temático ocasional que se celebra con motivo da festas de nadal en Vigo, conforme a convocatoria anual que a tal fin publicará a Asociación Amigos da Historia de Bouzas.

2. POSTOS DE VENDA

2.1 Organización dos postos

Correspóndelle á organización a distribución dos postos, conforme co espazo dispoñible e coas súas características (tamaño, actividade, etc.) atendendo, na medida do posible, ás peticións das solicitudes. Ningunha empresa poderá optar a un posto que non se corresponda coa súa propia actividade comercial.

2.2 Dimisión dos postos

As casetas de madeira serán de 3x2 metros dando a posibilidade de conformar máis medidas expoñendo previamente a organización as necesidades dos expositores.

As casetas constarán cun cadro eléctrico coa potencia establecida no apartado (2.3) unhas luminarias led e un decorado exterior acorde a época navideña. Así mesmo o interior terá que decorarse según a época referida cunha paleta de cores establecida para o mercado (vermello, dourado, verde, luces brancas ou cálidas..)

2.3 Prezos

O prezo estipulado do alugueiro de casetas para os 59 días de mercado temático de nadal é de 2300€. No momento da inscrición deberá efectuarse unha reserva de 100€ que despois se descontara da cota.

Estableces dous prazos para o ingreso

- 01 de novembro de 2025 o 50% da cota.
- 17 de novembro de 2025 o resto mais a luz.

O prezo da electricidade é de 321€ cunha potencia máxima de 2000W

O número de conta é **ES30 0081 0506 0800 0165 3269** sendo titular a Asociación Amigos da Historia de Bouzas.

2.4 Obrigacións dos postos

Todos os postos contarán con recipientes destinados ao lixo, e farán a separación pertinente (envases, vidro e cartón). Ao remate da actividade deberán deixar todo limpo, tanto de posibles manchas como de calquera outro tipo de resto ou refugallo, e depositarán o lixo producido en bolsas ou sacos pechados nos colectores habilitados para tal fin por todo o recinto.

Os postos con alimentos confeccionarán unha listaxe de alérxenos, segundo lexislación vixente, que ubicarán nun sitio visible e á disposición da clientela, e tamén cunha listaxe de provedores para garantir a trazabilidade, con datos sobre data de adquisición, caducidade e composición para, en caso de intoxicación, identificar rapidamente a procedencia.

Todos os postos que se dediquen a alimentación ou que utilicen ferramentas terán que dispor dunha botica de primeiros auxilios, e todos os que utilicen lume (cociñas, carbón, etc.) deberán ter obrigatoriamente un extintor eficacia 21A-113B.

3. CONDICIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN

Todo posto terá que permanecer aberto durante o horario de celebración do evento. O peche ou non apertura que non sexa debidamente xustificado e autorizado dará lugar ás medidas disciplinarias que a organización considere oportunas, conforme coas bases establecidas.

No posto colocarse un cartel co nome comunicado na inscrición que será entregado pola organización no momento da validación do posto, e que será o do colectivo ou empresa que o solicite, co número asignado e os logotipos do Concello de Vigo e da Asociación Amigos da Historia de Bouzas. Ademais, a organización entregará un permiso, cos datos da persoa responsable e das características do posto, á disposición de inspección de traballo, sanidade, policía, etc.

Os postos que precisen facer lume para realizar as súas funcións deberán facelo constar na solicitude. Será obrigatorio para tal fin o uso de carbón vexetal e ter as grellas correctamente illadas. Non se poderá facer lume debaixo de toldos, instalacións eléctricas, etc. Os equipos de gas contarán con conxunto regulador para gas con “casquillo”, manguera e bombona homologadas. Quedan prohibidas as cociñas estilo “Camping Gas”.

Non se permitirá publicidade (pancartas, carteis, bandeiras, etc.) que non teña relación coa festa.

O patrocinio do mercado, pactase con Estrela de Galicia, tendo a exclusividade para servir a cervexa nos postos.

Non se permitirá a instalación de xeradores eléctricos de corrente ou grupo electrógeno que funcionen con combustibles líquidos, soamente acumuladores de enerxía. No caso de autorizar algún elemento deberá cumprir os requisitos establecidos* en ITC BT 40; ITC BT 04.

Non están permitidos os aparatos de reprodución. A organización encargarse de ambientar o mercado.

4. CRONOGRAMA DO MERCADO

4.1 Montaxe

As datas estipuladas para a montaxe do mercado de nadal é:

Data	Actividade	Observacións
15/11/2025	Entrada de trailers e descarga de casetas.	Coodinar coa Policia Local para cortes de tráfico.
15-17/11/2025	Montaxe das casetas.	Ensamblaxe completo das casetas de madeira.
18/11/2025	Instalación de decoración e conexión eléctrica.	Prazo estimado de 2 días para completar a instalación electrica.
21/11/2025	Preparación das casetas para a venda.	Os expositores instalan todo o necesario para iniciar a actividade.
22/11/2025	Inicio do mercado navideño.	Inicio oficial do funcionamento das casetas.

4.2 Desmontaxe

Data	Actividade	Observacións
19-20/01/2026	Desmontaxe inicial do mercado.	Prioridade á retirada de elementos das casetas, deixando o recinto baleiro.
21-22/01/2026	Desmontaxe de decoración e instalación eléctrica.	Retirada de luces e elementos técnicos.
23-25/01/2026	Desmontaxe final das casetas de madeira.	Coordinación coa Policía Local para a saída dos trailers.

4.3 Proposta de actividades socio-culturais

Data	Actividade	Horario
23/11/2025	Pintacaras navideño	12:00 a 14:00
28/11/2025	Adorno árbol de navidad de arcilla polimerica	17:00 a 19:00
29/11/2025	Cuenta cuentos de navidad	17:00 a 19:00
05/12/2025	Titeres de dedos navideños	17:00 a 19:00
06/12/2025	Globloflexia navideña	17:00 a 19:00
07/12/2025	Taller de bolas navidad	12:00 a 14:00
12/12/2025	Visita Mama Noel	17:00 a 19:00
13/12/2025	Taller chapas navideñas	17:00 a 19:00
14/12/2025	Tatus navideños	12:00 a 14:00
19/12/2025	Manualidad Elfo	17:00 a 19:00
20/12/2025	Carta a papa noel	17:00 a 19:00
21/12/2025	Visita de Papa Noel	12:00 a 14:00
26/12/2025	Poción máxica do deseo de fin de ano	17:00 a 19:00
27/12/2025	Pinta caras fin de ano	17:00 a 19:00
28/12/2025	Taller Gafas locas fin de ano	12:00 a 14:00
02/01/2026	Manualidade benvido 2026	17:00 a 19:00
03/01/2026	Carta aos Reis Magos e Carteiro Real	17:00 a 19:00
04/01/2026	Visita do Carteiro Real	12:00 a 14:00
05/01/2026	Recepción dos Reis Magos.	17:30 – 19:30
09/01/2026	Taller pulseiras motivos do nadal	17:00 a 19:00
10/01/2026	Taller moneco de neve	17:00 a 19:00
11/01/2026	Taller marca paxinas	12:00 a 14:00
16/01/2025	Taller debuxos maxicos	17:00 a 19:00
17/01/2025	Taller varitas de frozen	17:00 a 19:00
18/01/2025	Taller caretas de pinguinos	12:00 a 14:00

4.4 Horario de apertura e peche

DIAS	APERTURA	PECHE
Laborais	17:00	22:30
Laborais dende o 21/11 ata 16/01	17:00	23:00
Venres, sábados e vésperas dos festivos	11:00	23:30
Domingos e festivos	11:00	23:00
Días 24 e 31 decembro*	11:00	20:00
Día 5 xaneiro*	11:00	20:00

*Podose modificar en función do consenso de todos os participantes pola conciliación.

5. SEGURIDADE E HIXIENE

As comidas e bebidas serviranse en envases de barro, louza (xerras, cuncas...) ou madeira. Prohíbese expresamente a utilización de materiais plásticos ou metálicos (latas) para tal fin, incluídos pratos, garfos, culleres, etc., e prohíbese tamén a venda de botellas de vidro para consumo inmediato, nin sequera se estes materiais están disimulados.

Por cuestións de hixiene, prohíbese a re-utilización de vasos, cuncas, xerras, etc., estes serán dun só uso ou de venda á clientela.

Todas as caixas (sacos, bolsas...) que conteñan alimentos estarán illados do chan.

Por prevención de contaminación cruzada, a superficie do posto estará limpa e ordenada.

É obrigatorio o cumprimento do Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas (sempre por persoas con carné de manipulador de alimentos). Os alimentos non poderán estar ao alcance directo do público, tendo que estar separados ou protexidos.

Está prohibido verter residuos sólidos ou líquidos a rede xeral de pluviais nin a de saneamento.



6. DISPOSICIÓNS FINAIS

6.1 Documentación a presentar

DNI do titular da persoa solicitante ou CIF da empresa.

Responsabilidade civil con 150.000€ .

Ficha de inscrición cuberta e asinada e anexo I.

Recibo do ingreso da fianza (100€)

Na páxina web www.amigosdebouzas.com encontraredes toda a documentación a cubrir, e unha vez obtido todo, enviar a aahistoriadebouzas@gmail.com